

XII POXA DE XOVENCAS DE RAZA FRISONA
SANTA COMBA, Sábado 10 de Abril de 2010, ás 3 da tarde
Edificio Multiusos (Novo Recinto Feiral)

PROGRAMA

Venres 9 de abril, entre as 3 e as 6 da tarde: Chegada e aloxamento dos animais.

Sábado 10 de abril: Pola mañán exposición das xovencas.

A partir das 3 da tarde, poxa.

REGULAMENTO DA POXA

1. ORGANIZACIÓN

Poxa organizada polo Concello de Santa Comba e Africor-Coruña.

2. FINALIDADE

A finalidade desta poxa é potencia-la comercialización de xovencas nadas e criadas en explotacións gandeiras de Control Leiteiro da provincia da Coruña.

3. COMPRA-VENTA SUBVENCIONADA

O Concello de Santa Comba subvencionará a compra-venta de animais efectuada durante a poxa. O importe desta **subvención** será de **150 euros por cada adquisición**. Estas cantidades serán descontadas directamente do prezo final de adxudicación.

XENÉTICA FONTAO S.A. obsequiará ademais a cada comprador con:

- **Lote de 6 dosis de seme.**

4. SELECCIÓN E ADMISIÓN DE ANIMAIS

A selección e admisión de animais para a poxa corresponde á comisión organizadora, que velará en todo momento pola calidade dos animais a presentar e comprobará que estes cumpran a normativa sanitaria e xenealóxica requirida. Os propietarios dos animais responsabilízanse dos datos aportados á Organización para a elaboración das Cartas Xenealóxicas. **Os animais ofertados deberán ser inscriptos antes do día 15 de Febreiro.**

5. PARTICIPACIÓN

Participan animais procedentes de explotacións en Control Leiteiro da provincia da Coruña que cumpran as esixencias marcadas neste regulamento.

As xovencas seleccionadas para esta poxa ten que estar incriptas no Rexistro Principal, non se aceptan animais de Rexistro Auxiliar, categoría B.

Os animais participantes, serán sometidos á proba de paternidade; descartando aqueles que resulten negativos. O custe da analítica de paternidade correrá por conta da gandería vendedora.

Non participarán fillas de touros de monta natural, nin animais preñados con touros de carne.

As nais dos animais participantes, deben contar, con alómenos unha das seguintes condicións: lactación de 7.500 Kg. de leite, ou ben cualificación morfolóxica categoría BB-80 óu superior. A nai das xovencas participantes, no caso de estar cualificada, sempre será categoría B óu superior. No caso de que a nai do animal fose baixa sen produción e/ou cualificación, os requisitos serán aplicables á avoa materna.

6. CONDICIÓNES SANITARIAS

Os animais participantes procederán de explotacións cualificadas sanitariamente, e serán saneados cumprindo có regulamento sanitario sobre participación en concursos, exposicións e poxas. Non se permitirá a entrada no recinto feiral de animais que presenten síntomas de calquera enfermidade, ou ben non presenten a documentación requirida, para estes casos.

A maiores os animais presentados serán analizados fronte a IBRGE (anticorpos específicos fronte á glicoproteína gE do virus da rinotraquite infecciosa bovina), BVD (antixeno da diarrea vírica bovina), Neosporose (anticorpos ELISA indirecto) e Paratuberculose (anticorpos fronte ó Mycobacterium paratuberculose ELISA indirecto) debendo resultar negativos a BVD Ag., a Neosporose e a Paratuberculose.

7. TRANSPORTE DO GANDO

O transporte do gando correrá por conta da Organización.

8. ENTRADA DO GANDO

A entrada do gando realizárase o día anterior á poxa.

Os animais presentados non poderán ser retirados das instalacións ata finalizado o certame, salvo caso de enfermidade, accidente ou causa de forza maior que así o aconselle, sempre a criterio da Comisión Organizadora.

9. SEGURO

A Comisión Organizadora proveerá ós animais participantes dun seguro que cubra os accidentes e/ou enfermidades que poidan producirse pola participación do gando na poxa.

Os animais xestantes terán unha cobertura adicional, que inclúe os abortos derivados da participación na poxa.

10. EXPOSICIÓN DO GANDO

O cuidado dos animais correrá a cargo dos propietarios dos mesmos ou ben das persoas designadas por eles.

Cada animal contará cun cartel identificativo, facilitado pola organización, onde figurarán os datos xenealóxicos do animal e información sobre a produción da nai e avoa, gandería de procedencia, e prezo de saída.

Tódolos animais expostos teñen que entrar a poxa antes de ser vendidos.

11. REALIZACIÓN DA POXA

A poxa empezará ás 15,00 horas do sábado 10 de Abril, e a orde de saída dos animais a pista, será decisión da comisión organizadora.

Cada animal será exhibido ante os compradores e público asistente, polo tanto terá que ser presentado pola gandería vendedora nunhas condicións de doma e manexo axeitadas.

O prezo de saída será fixado, conxuntamente, polo propietario de cada animal e a Comisión Organizadora. Non se permitirá a participación de animais na poxa cun prezo de saída desproporcionado.

No momento da exhibición o subastador anunciará o prezo de saída, empezándose a partir deses intres a poxa entre os compradores. Cada poxa significará un incremento de 50 € sobre o valor existente.

Os animais serán adxudicados ó mellor postor, no momento da poxa, quedando obrigados ós compradores ó pago inmediato do importe final da poxa, menos os 150 € da subvención.

12. DISPOSICIÓN FINAL

A Comisión organizadora decidirá sobre tódolos asuntos non contemplados no presente regulamento, decidindo e interpretando, de xeito inapelable, sobre todas aquelas cuestións que se poidan plantexar.

A participación na poxa presupón a aceptación do recollido neste regulamento.